



Concello de Vilaboa

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PERSOAS E ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DO VILABOA – 2025 (DEPORTE FEDERADO).

1. OBXECTO

É obxecto das presentes bases regular as normas polas cales se rexerá a concesión en concorrència competitiva de subvencións ás persoas, asociacións e entidades deportivas sen animo de lucro do Concello de Vilaboa, pola súa participación en competicións deportivas oficiais (imprescindible contar con licencias federativas).

Estas subvencións terán os seguintes obxectivos:

- Axudar as persoas e/ou entidades que practican/participan do deporte de elite
- Favorecer o deporte base
- Apoio á participación de nenas e nenos naqueles deportes ou actividades nos que están infrarepresentados debido aos estereotipos tradicionais de xénero
- Potenciar a participación feminina no deporte
- Fomentar a práctica do deporte

2. IMPORTE DAS SUBVENCÍONS

A contía global das subvencións para este ano será de 25.000 € con cargo á partida 341.48000 do Orzamento municipal do 2025. Este importe será repartido entre os solicitantes segundo os criterios que se establecen na base sexta, sen que a concesión implique para as persoas ou entidades beneficiarias dereito ningún en anos posteriores.

3. ENTIDADES E PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións as persoas, asociacións ou entidades deportivas sen ánimo de lucro, que cumpran os seguintes requisitos:

En caso de persoas físicas:

1. Ser deportista con licenza federativa en activo e poder acreditar a condición de deportista de elite.
2. Estar empadroado no Concello de Vilaboa, (cun mínimo de 1 ano de antigüidade dende a aprobación das presente bases)





Concello de Vilaboa

3. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a CCAA e o Concello de Vilaboa, respectivamente.
4. Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Vilaboa.

En caso de persoas xurídicas:

1. Estar federado e participar en probas organizadas pola federación correspondente.
2. Estar legalmente constituídas e domiciliadas no concello de Vilaboa.
3. Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello do Vilaboa (cun mínimo de 1 ano de antigüidade dende a aprobación das presente bases).
4. Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a CCAA e o Concello de Vilaboa, respectivamente.
5. Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Ter debidamente xustificados os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Vilaboa.

4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Cada persoa ou entidade solicitante presentará un único proxecto, ao cal achegarase a seguinte documentación:

1. Solicitud de subvención conforme ao modelo do Anexo I.
2. Modelo de declaracións responsables de débedas coas administración (Anexo II).





Concello de Vilaboa

3. Certificación bancaria con IBAN completo, de acordo coa normativa SEPA da entidade beneficiaria, no que conste como titular a entidade ou persoa solicitante.
4. Memoria da actividade: no que incluírá toda a información que se considere necesaria para permitir unha mellor avaliación da subvención solicitada, entre os cales:
 1. Currículo deportivo.
 2. Número de licencias de deporte base.
 3. Fomento da participación feminina.
 4. Fomento da practica deportiva (organización de actividades acordadas co Concello de Vilaboa).
 5. Deportista de elite (xustificado).
 6. Apoio á participación de deportistas en deportes infrarepresentados.
 7. Orzamento de gastos.

O Concello poderá solicitar, se así fose oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

A solicitude dirixirase ao Alcalde do Concello de Vilaboa e presentarase no prazo de **20 DIAS** dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Vilaboa, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá a persoa ou entidade interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días, indicándolle que de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

5. COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCÍONS

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para a mesma finalidade sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar custo total da actividade. No caso de existir





Concello de Vilaboa

sobrefinanciamento, procederáse segundo a forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vilaboa a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión de subvencións e a súa contía determinaranse en funcións dos seguintes criterios:

1.- Favorecer o deporte Base. Ponderación 25 % do total a repartir polo Concello.

Asignarase proporcionalmente ao número de licencias en deporte base que posúa cada solicitante, acreditando o número de licencias con certificado da federación correspondente. **Ata 16 anos**

2.- Potenciar a participación feminina no deporte. Ponderación 25 % do total a repartir polo Concello.

Asignarase proporcionalmente ao número de licencias femininas que posúa cada solicitante, acreditando o número de licencias con certificado da federación correspondente.

3.- Fomento da práctica do deporte (Actividades). Ponderación 15 % do total a repartir polo Concello.

Con este criterio o que se pretende é motivar ás entidades deportivas existentes no Concello de Vilaboa, para que amplíen na medida das súas posibilidades o abanico de actividades deportivas que se desenrolan no Concello, valorando estas do seguinte xeito:

- 🚩 1-2 actividades/ano = 1 punto
- 🚩 3-4 actividades/ano = 2 puntos
- 🚩 5 ou mais actividades/ano = 3 puntos





Concello de Vilaboa

Asignarase proporcionalmente a cantidade destinada deste epígrafe entre as puntuación resultante.

As actividades que se terán en conta serán aquelas que previamente se teñan negociado co Concello de Vilaboa, sendo este quen establecerá si a actividade que se pretende ofertar é do interese xeral ou non, de contar co beneplácito do Concello estas actividade deberán ser publicitadas facendo constar a colaboración/financiación do Concello.

4.- Participación no deporte de elite. Ponderación 25 % do total a repartir polo Concello.

Trátase de axudar a aquelas persoas, asociacións e/ou entidades deportivas que están actualmente competindo na elite deportiva para que poidan participar nas competicións ao máis alto nivel (>13 anos e ata categoría senior), debendo acreditar esta condición coa aportación do certificado da federación correspondente.

Aquelas probas ou competicións (habitualmente denominadas como Copa de España, Copa de Galicia, etc.) que en si mesmas non sexan un campionato Galego, España ou Internacional, senón que forman parte do conxunto de probas que forman o devandito campionato (Galego, España ou Internacional), non serán valoradas de xeito individual, senón que será valorado o resultado final obtido no conxunto destas probas, tendo en conta que soamente puntuará, se a suma dos resultados das probas indivuais dera como resultado quedar entre os tres mellores no campionato final (todo isto terá que ser acreditado documentalmente con certificados ou informes federativos).

Considerarase deportista ou entidade deportiva de elite, aqueles que participen cando menos en competicións finais de campionatos galegos.

Asignarase proporcionalmente a cantidade destinada deste epígrafe segundo a seguinte puntuación:

Por participación en final de campionato galego = 1 Punto.

Por participación en final de campionato nacional = 5 Puntos.

Por participación en final de campionato internacional = 10 Puntos.

Ademais:

Por participar con menos de 10 deportistas = 5 Puntos

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387 - E-mail. Info@vilaboa.org





Concello de Vilaboa

Por participar con mais de 10 deportistas = 10 Puntos

E por último,

Por cada trofeo ou medalla conseguido = 15 Puntos.

A suma dos puntos usarase para un reparto proporcional da axuda neste apartado, é dicir, sumarase o total de puntos obtidos entre todos os solicitantes e de xeito proporcional, repartirase a axuda entre os puntos que obteña cada club ou deportista.

5.- Apoio á participación de deportistas (de elite) nos deportes que estean infrarepresentados. Ponderación 10 % do total a repartir polo Concello.

(Considerando como maioritarios unicamente ao Fútbol e Baloncesto)

Asignarase a partes iguais entre todos aqueles que cumpran o requisito.

7. GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen entre o **1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025** (estas datas tamén serán as que se teñan en conta á hora de contabilizar as datas de realización de actividades, licenzas en vigor, etc.).

Serán subvencionables os gastos de:.

- Axudas a custos de desprazamentos para participación en adestramentos/competicións
- Adquisición de equipacións e materiais deportivos
- Inscripción en eventos deportivos e/ou fichas anuais
- Inversión e reparación de instalacións deportivas propias.

Non se admitirán facturas ou documentos de valor probatorio para xustificar estas subvencións, que sexan emitidos por membros da Xunta Directiva do club ou asociación que se subvenciona.

En ningún caso serán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.





Concello de Vilaboa

Non serán subvencionables os gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma. Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

a) A valoración das solicitudes correspóndelle á Comisión de Valoración, que estará constituída polo Concelleiro de Deporte, que a preside, un empregado da Concellería de deporte, e unha administrativo/a que actuará como secretario/a da comisión. Cada un dos membros desta comisión pode ser substituído polas persoas nas que delega cada un deles.

A comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados, co fin de establecer unha preferencia entre eles e emitirá un informe no que concrete o resultado da valoración efectuada. No informe deberá reflectir a relación de solicitantes, o seu importe individual, por aplicación dos criterios de valoración.

b) Á vista do informe da comisión de valoración, a Alcaldía, como órgano instructor formulará proposta de resolución á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

c) O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é a Xunta de Goberno Local.

d) O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas e entidades interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se no prazo de dez días a persoa ou entidade beneficiaria non manifestou o contrario, entenderase que acepta a subvención que queda suxeita ós deberes derivados da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

e) O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións é de 3 meses desde a publicación da convocatoria, e o silencio administrativo será negativo.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios:

Concello de Vilaboa





Concello de Vilaboa

1. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.
2. Xustificar ante o Concello de Vilaboa, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.
3. Someterse as actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estean relacionadas coa concesión da subvención.
4. Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
5. Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garanten o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.
8. Deberán dar a adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención.
9. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no art. 37 de la LXS.

9. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal, non se realizarán pagos a conta nin anticipos.





Concello de Vilaboa

XUSTIFICACIÓN DAS CANTIDADES SUBVENCIONADAS

- A. O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do **10 de decembro**.
- B. A xustificación dos gastos realizarase mediante a achega da conta xustificativa (Anexo III) xunto cos seguintes documentos:
1. Facturas oficiais (orixinais ou copias autenticadas) e que cumpran os requisitos legais, expedidas a nome da persoa, asociación ou entidade deportiva beneficiaria, onde conste a subministración ou servizo prestado polo/a provedor/a. Deben ter relación directa coas actividades subvencionadas.
 3. Recibos onde consten as cotas pagadas por fichas e/ou inscrición en eventos deportivos, acompañados da correspondente certificación da federación da dita disciplina deportiva.
 4. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificados, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideren gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Para importes superiores a 1000,00 euros deberá achegarse unha copia de transferencia bancaria. Non se admitirán xustificantes que non teñan relación clara e directa cos gastos derivados das actividades que se subvencionan nin cos criterios polos cales se avaliaron nin que a súa data sexa de exercicio diferente ao da concesión. Para gastos inferiores a 1.000,0 € deberá presentarse FACTURA xunto co selo de pagada e o recibí asinado por responsable (provedor).

- C. O importe xustificado deberá ser pola totalidade do custo e/ou investimento realizado. A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á perda da subvención, se aínda non estivese pagada, e ao reintegro do cobrado, se fose o caso, de cantidades adiantadas. Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo club, este non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

10. REXIME SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases, contemplarase o establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vilaboa (BOP 71 do 14 de abril de 2005), nas





Concello de Vilaboa

bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vilaboa, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e demais lexislación aplicable.

11. RECLAMACIÓNS

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses.





Concello de Vilaboa

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN - ANEXO I			
1. DATOS SOLICITANTE			
Solicitante		CIF/NIF	
Persoa representante			
Enderezo			
Localidade			
Teléfono fixo		Teléfono móbil	
2. SOLICITUDE			
1.- Finalidade da subvención:			
2.- Fomento de base (nº de licencias, ata 16 anos):			
3.- Fomento do deporte feminino: ☐ si ☐ non nº de licencias			
4.- Actividades organizadas pola propia entidade: Achégase memoria ☐ si ☐ non nº			
5.- Participación en deporte de elite: ☐ si ☐ non			
I. Finais C. GALEGO (1 PUNTO): ☐ si ☐ non			
II. Final C. de ESPAÑA (5 PUNTOS) ☐ si ☐ non			
III. Final C. INTERNACIONAL (10 PUNTOS) ☐ si ☐ non			
IV. Participación con menos de 10 deportistas (5 PUNTOS) ☐ si ☐ non			
V. Participación con mais de 10 deportistas (10 PUNTOS) ☐ si ☐ non			
VI. Por acadar Trofeo ou medalla nas finais (15 PUNTOS) ☐ si ☐ non TOTAL PUNTOS			
6.- Participación deportes infrarepresentados: : si ☐ non ☐ nº de licencias			
7.- Orzamento de ingresos e gastos			
8.- Declaración responsables (anexo II)			
9.- Autorizo á consulta no Padrón Municipal de habitantes: si ☐ non ☐			

En Vilaboa, ade de 2025

Asdo.

SR./A. CONCELLEIRO/A DE DEPORTES. CONCELLO DE VILABOA

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387 - E-mail. Info@vilaboa.org

Cod. Validación: AZLURD3NSQGH52HD3KPF6EZ4X
Corrección: https://vilaboa.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 15





Concello de Vilaboa

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE SOLICITUDE

D/D^a _____,
con DNI _____ en calidade de representante da entidade e/ou da
persoal solicitante _____ **DECLARA:**

1º.- Esta entidade e/ou persoa solicitante non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición para acceder á condición de beneficiaria de subvencións do Concello de Vilaboa, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

2º.- Esta entidade e/ou persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, a CCAA e o Concello de Vilaboa. Así mesmo autoriza o Concello a recabar os certificados necesarios a fin de acreditar o que aquí se declara.

3º.- Esta entidade e/ou persoa solicitante (si ou non) (riscar o que non proceda) solicitou ou recibiu outras subvencións ou axudas por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

En caso afirmativo, indicar procedencia e contía.

Relación de axudas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade	Solicitud data	Concesión	Importe
		☐ Si ☐ Non ☐ Pendente	
		☐ Si ☐ Non ☐ Pendente	
		☐ Si ☐ Non ☐ Pendente	

E para que así conste, aos efectos da solicitude da subvención, suscribo a presente, en,de.....de 2025.

Sinatura.....

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

ANEXO III

CONTA XUSTIFICATIVA

D/D^a _____,
con DNI _____ en calidade de representante da entidade e/ou da
persoa solicitante _____ **DECLARA:**

- a) Que a entidade e/ou persoa solicitante que representa deu cumprimento aos condicionantes impostos na normativa reguladora.
- b) Que con esta conta xustificativa achéganse os orixinais ou copias debidamente cotexadas das facturas, nóminas e demais documentación acreditativa dos gastos efectuados que de seguido se relacionan:

PROVEEDOR/EMPRESA	CIF	Nº FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE

- c) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e foron aplicados á finalidade subvencionada.
- d) Que todos os documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Vilaboa.
- e) Que a entidade e/ou persoa solicitante referida non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

- En caso afirmativo

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

Relación de axudas concedidas por organismos públicos ou entidades privadas para a mesma finalidade	Importe

f) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas tódalas achegas ó investimento subvencionado.

g) Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa, e acepto someterme as normas aplicables, facilitar a información e documentación que, no seu caso, sexa requirida polo Concello.

E para que así conste, aos efectos da xustificación da subvención concedida, suscribo a presente, en,de.....de 2025.

Sinatura.....

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387





Concello de Vilaboa

DATOS DA TRANSFERENCIA (*) : ENTIDADE BANCARIA . Código bancario:

Entidade				Oficina				D C		Conta									

O que asino en, a data

Sinatura.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dona con NIF.....como representante legal de:

Entidade Beneficiaria e/ou persoa solicitante:

C.I.F/ N.I.F:

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que non se recibiron máis axudas das que constan na conta xustificativa presentada.

Que a asociación e/ou entidade solicitante non está incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

E para que así conste, asino a presente declaración xurada.

En Vilaboa, a de de 2025

Asdo.

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Fax: 986708387

